ACTIVIDADES

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Este relato que imos contar está baseado nunha historia que foi real, a vida das "dúas Marías"; escultura que está na Alameda de Santiago.

En realidade, as dúas Marías no eran elas soas, eran 13 irmáns. O seu pai era un honesto e honrado zapateiro chamado señor Fandiño e a súa dona, dona Consuelo Ricart.

Maruxa, Coralia e Sarita Fandiño Ricart andan sempre xuntas dende pequenas, pero Sarita morreu nova, por iso imos falar das outras dúas irmáns: Maruxa e Coralia.

Cal foi o motivo de que se comportasen así?

O motivo foi o seguinte:

A campá da Berenguela deu as doce badaladas da noite no fogar da familia Fandiño. Alí reinaba o silenzo, estaban durmidos. De súpeto están petando e berrando con furia e con rabia na porta da vivenda dos Fandiño. A Maruxa, a Coralia e a Sarita, fráxiles e temerosas criaturas, os golpes e os berros cravábanselle no peito.

"VIMOS POR MANUEL FANDIÑO RICART, O ANARQUISTA"

Tres homes remexen por tódolos currunchos da casa con abuso e violencia. Erguen sabas, levantan mantas destapando todo.

Maruxa, Coralia e Sarita, dende aquel mesmo intre quedan atrancadas e quietas no tempo.

Fisicamente as Marías, coñecidas tamén como as "dúas en punto" por incorporarse arredor desa hora ao paseo, eran de estatura baixiña, case esqueléticas pola fame que pasaban, de longas melenas ás veces cubertas por vistosas pañoletas. Os traxes, as blusas e os abrigos desabrochados de roupa multicolor, verdes, amarelos, azuis, púrpuras…

Levaban colares tamén multicolores.

Os rostros pálidos, angulosos, pintadas de fariña mesturada cun chisco de pó de Exipto, colorete, carmín e rímel azul e negro.

Camiñaban de presa, arrogantes e collidas de "ganchete", procurando darlle garbo ao seu paso por paseos e alameda.

Maruxiña co seu braceo militar desencadeaba os piropos e Coralia seguía de esguello as peripecias que acontecían ó seu redor.

Como proba de simpatía e do agarimo que lle profesaba toda, toda a cidade vaia a seguinte anécdota:

Por mor dun temporal, véuselles abaixo todo o teitume da casa, e quedaron o ventimperio. Apenas unhas semanas despois recadáronse unhas 300.000 pesetas das antigas, uns 2.000€ dos de agora, diñeiro que na súa maioría foi doado por médicos compostelans. Con estes cartos repararon o teito da súa vivenda e mercaron na froitería das Señoritas Otero e no ultramarinos do Sr. Carro plátanos, galletas de María, aceite e unha botelliña de Sansón, que eran os gustos preferentes desa familia.

As Marías, baixaban a unha e media do mediodía desde San Caetano pisando forte cos seus zapatos de tacón, de tal xeito que ás dúas da tarde irrompían moi rechamantes no "paseo de moda" que era a zona do Toural e da Rúa do Vilar.

Os estudantes piropeaban as dúas irmáns.

- Guapa, fermosa…

Nunha ocasión, en que algún estudante ousou chamarlles "macizas" e "cachondonas" armouse unha liorta de mil demos.

Esta é a historia destas mozas que aínda segue viva na memoria de Compostela.